

Isabel Fidalgo Suárez

FURACAZOLOS E BOTABORRALLAS

Ilustracións: Suso Blanco Cubeiro



XUNTA DE GALICIA

Botaborrallas

é un trasgo

femia que

vive nun ático

con azotea, e como anda mal de

cartos, tenlle alugado un cuarto ó

seu amigo Furacazolos.

Cada un cultiva na azotea o que

máis lle gusta: Furacazolos, flores

e Botaborrallas, plantas


comestibles pero, no recanto máis

protexido, os dous afánanse no


coidado das herbas menciñeiras


para as súas pocións máxicas.





A máis dos
trasgos, no ático viven tamén unha
gata loira e gordecha e un can
fraco, son Carmela e Lolo. Os catro
lévanse moi ben, teñen longas
conversas e comparten as tarefas
da casa: Furacazolos e Carmela, que
son bos comedores, encárganse da
mantenza, Botaborrallas de te-la
roupa limpa e pranchada e Lolo de
varrer e limpa-lo po.





Unha mañá, moi cedo, espertounos un ruído rítmico, coma o dun reloxo: Tac, Tac, Tac... pero iso non podía ser xa que na casa non había máis que reloxios de area e de sol, e non facían ruído ningún. Erguéronse un pouco preocupados e viron que había unha goteira no salón.





-¡Hai que chamar a alguén para que amañe o tellado! -Dixo Botaborrallas collendo o teléfono- ¿É a albanelería "O Cascallo"? Verá, temos unha goteira no salón e precisabamos que viñesen o antes posible.

-Pois esta mañá non podemos ir, pero, se lle parece, imos pola tarde. -Respondeu unha voz do outro lado do fío.

-Moi ben, gracias. -Dixo Botaborrallas, colgando o aparello.






Como o prometeran, esa mesma tarde chamaron á porta dous albaneis: unha moza moi disposta e un rapaz grandón. Levaban pantalóns de traballo, cascos e cadansúa caixa de ferramentas, ademais dunha escaleira de man.

-Boa tarde! -Dixo a rapaza- ¿É aquí onde hai que amañar unha goteira?

-Si, si, pasen, é alí, no salón

-Responderon os trasgos á vez.






Entraron no salón e logo saíron á azotea, miraron por todas partes e non viron nada anormal, ata que, de súpeto, o rapaz berrou moi emocionado:

-¡Atopeino, atopeino, hai un niño con poliños nun currencho cabo da cheminea! Movéronse as tellas e por aí entra a auga.


-Haberá que saca-lo niño con moito coidado- Dixo a moza.

-Non vai ser doado, está moi arriba, case no cumio do tellado. -Seguiu ó seu compañeiro.





A rapaza subiu como un lóstrego mentres o mozo, que non era moi amigo das alturas, miraba para ela coa boca aberta. Pero, por moito que gabeaba e se estiraba, a albanela, non daba chegado ó niño. Nisto, perdeu pé e escorregou polo tellado abaixo, o rapaz botoulle a man xusto a tempo de collela por un dos tirantes do pantalón.



Era todo un espectáculo: a coitada abaneábase a varios metros sobre a rúa, o rapaz facía o que podía para que non caese e os trasgos mirábanos pasmados do susto.

Menos mal que Carmela e Lolo eran menos apoucados e decidiron empuña-las rendas: O primeiro era chama-la atención dos trasgos, e empezaron a berrar: -iFuracazolos, Botaborrallas, non vos quededes así! iBulide, bulide, usade a vosa maxia!

Os albaneis só escoitaban ladros e miaños, pero os trasgos entendían moi ben ó can e á gata e, aínda que sabían de sobra que non tiñan maxia abonda para amaña-lo asunto, pensaron "onde non chega a maxia, chega a intelixencia", e decidiron utiliza-la cabeza.





Levaron a escaleira dos albaneis ó andar de abaixo, sacárona por unha fiestra e, mentres Botaborrallas termaba dela, Furacazolos, con moito esforzo, conseguiu agarrar á moza e metela dentro.

-¡Ai, gracias, gracias, menudo susto levei! -Dixo a moza sacudíndose os cachos de tella que aínda levaba pegados ó pantalón- Pero imos arriba axiña que o meu compañeiro ten que estar moi asustado.



E estábao,
atopárono sentado no
chan e chorando a todo
chorar.

-¡Marisa, pensei que caías
á rúa! ¡Que ledicia que
esteas ben! -Dicía entre
saloucos.

Ela sabía que era moi
sentido e que non se
avergonzaba de chorar, o
mesmo de pena que de
alegría, e por iso tíñalle
moito cariño.





Fíxolle

un agarimo e volveu saír
á azotea, pero cando
mirou para arriba quedou
abraiada: Lolo, o can,
tentaba coller coidadosamente coa
boca o niño que lle daba Carmela, a
gata, que subira ó cumio do tellado coa
axuda dunha familia de ratos que vivía
no faiado.



Moi amodiño para que os pitos non
collesen medo, Lolo deixou o seu
tesouro nun currunchiño da azotea
entre as herbas menciñeiras.

O can volveu
asomarse ó tellado
para axudar á gata a bai-
xar e atopouna de leria cos
ratos do faiado: Que se Mari-
ca Coello amañara os canos da
auga coas de Pepe Xílgaro, o
mestre de piano; que se Xan
Rato, o modisto, recibira os
tecidos da vindeira tempada...






Mentres tanto, os albaneis xa amañaran o tellado e estaban a se despedir dos trasgos que quedaran moi contentos co seu traballo.

-iBoas tardes, e non dubiden en chamar se teñen outro problema! -Dicían.


-iAdeus e moitas gracias!

-Contestaron Furacazolos e Botaborrallas pechando a porta.



¡Carafio, como estaba todo!, cemento e cachos de tellas por todas partes; había que limpar aquilo urxentemente. Colleron as vasoiras, os baldes e algúns trapos e puxéronse mans á obra. Nun momentinho quedou todo como un espello.







Tiñan

merecido unha boa merenda, así que Furacazolos e Carmela metéronse na cociña a preparar uns bocadillos e Botaborrallas e Lolo, ó ver que xa non chovía e que empezaba a quenta-lo sol, puxeron a mesa na azotea.

Cando todo estivo preparado, sentaron tranquilamente a esperar polos pais dos poliños comentando os últimos adiantos en variñas máxicas.





Na túa casa ¿quen limpa e recolle? e ¿quen colga os cadros e pinta as paredes?... Podería ser ó contrario ¿verdade? Ou tamén que calquera de vós fixera cada unha destas cousas ¿non é?

E cando espertas con medo en metade da noite ¡como presta que mamá ou papá che deixen chorar no seu colo! ¿Va que si?

¿Que máis ten que sexas neno ou nena? Ti es unha **PERSOA**.

